CONCELLO DE TUI

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno Corporativo.

Nº DE SESIÓN: 7/2020

CARÁCTER: Ordinario

**ANUNCIO**

Con data 27 de xullo do 2020 o Sr.Alcalde ditou resolución do tenor literal que se indica:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO

Superadas na CA de Galicia as fases previstas no denominado Plan para a Transición cara a unha nova normalidade (aprobado por acordo de Consello de Ministros do 28 de abril de 2020), e finalizada a última prórroga do estado de alarma. Considerando non obstante que iso non quere dicir que se superou a pandemia, e considerando imprescindible continuar adoptando unha serie de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación, que permitan seguir facendo fronte e controlando o virus mentres perdure a crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez terminado o estado do alarma.

Considerando que a actual evolución favorable na contención da pandemia non exime aos poderes públicos o seu deber de «organizar y tutelar la salud pública a través de medidas preventivas y de las prestaciones y servicios necesarios» establecido no artigo 43.2 da Constitución Española para garantir o dereito á proteción da saúde que recoñece este artigo no seu primeiro apartado.

Considerando que a celebración do pleno debe realizarse de forma axustada aos requisitos necesarios para evitar calquera tipo de risco de contaxio da enfermidade, polo que, con carácter excepcional, a presente sesión plenaria se deberá celebrar a porta pechada para o público, sen prexuízo de que a súa publicidade e debida transparencia quedará garantida coa retransmisión da sesión en directo a través da radio municipal e páxina web do concello, permitindo o acceso de medios de comunicación, e a súa posterior comunicación pública a través do Portal de Transparencia.

Se fai notar que se realizará unha nova distribución dos concelleiros permitindo a debida separación entre eles, que se porá a disposición dos mesmos para o seu uso de mascarillas e guantes, e que os concelleiros deberán ter en conta as recomendacións sanitarias a seguir establecidas na guía de “Buenas prácticas en los centros de trabajo



Enrique Cabaleiro González (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 28/07/2020
HASH: 42831b0839f350677acb7d0295831c22

Cod. Validación: AKPXDAFLGY9WJMW9CLSXEEQ7E | Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

por el COVID-19 (actualización 11/04/2020)” e protocolo de Medidas Preventivas Coronavirus Covid-19 remitido polo servizo de vixilancia da saúde deste concello.

Polo exposto, esta Alcaldía, ao abeiro da DA 3ª do RD 463/2020, de 14 de marzo, e de acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización é Réxime xurídico das Entidades Locais, RESOLVE:

PRIMEIRO.-Convocar Sesión Ordinaria do Pleno Corporativo a celebrar a porta pechada para o público o vindeiro xoves día 30 de xullo ás 20:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte:

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva:

1º.- Aprobación, se procede, de borradores das actas de sesións anteriores nº 4 de 28/05/2020 e nº 5 de 15/06/2020.

2º.- Toma de posesión de María del Pilar Besada Barahona á vista da credencial remitida pola Xunta Electoral Central (RE 4188 do 07/07/2020).

3º.- Expediente 799/2020. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, do 23/07/2020, de proposta da concelleira-delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns, de data 03/07/2020, de rectificación do acordo de Pleno da sesión ordinaria do 28/05/2020 en relación ao expediente de suplemento de crédito nº 1/2020 (modificación de créditos 16/2020).

4º.- Expediente 811/2020. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, do 23/07/2020, de proposta da concelleira-delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns, de data 03/07/2020 , de rectificación do acordo de Pleno da sesión ordinaria do 28/05/2020 en relación ao expediente de crédito extraordinario nº 4/2020 (modificación de créditos 17/2020).

5º.- Expediente 1320/2020. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, do 23/07/2020, de proposta da concelleira-delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns, de data 23/07/2020, relativa a aprobación do expediente de crédito extraordinario nº 5/2020 (Modificación de créditos 23/2020) financiado con remanente líquido de tesoureria paga gastos xerais".

6º.- Expediente 366/2019. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e



Cod. Validación: AKPXDAFLGY9WJMW9CLSXEEQ7E | Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

Persoal, do 23/07/2020, de proposta de Alcaldía, de data 16/07/2020, relativa a aprobación definitiva do "Inventario de vías e camiños municipais do Concello de Tui".

7º.- Expediente 1114/2020. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, do 23/07/2020, de proposta da concelleira-delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns, de data 01/07/2020, relativa a modificación bases de execución do Orzamento 2020.

8º.- Expediente 2987/2018. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, do 23/07/2020, de proposta da concelleira-delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns, de data 16/07/2020, relativa a aprobación de bonificación de ICIO correspondente a obras que realizan os afectados de Paramos.

9º.- Expediente 1207/2020. Proposta da concelleira de Fadenda, de data 20/07/2020, relativa a a bonificación de ICIO correspondente as obras de "Limpeza e cambio de tellas rotas" sito na rúa San Telmo, 66.

10º.- Expediente 1267/2020. Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais, do 23/07/2020, de proposta de Alcaldía, de data 17/07/2020, relativa a adhesión do Concello de Tui á Rede de Concellos ÁGORA polo Espazo Público.

11º.- Expediente 1308/2020. Ditame da Comisión Informativa de Ensino, Servizos Sociais, Cultura, Turismo e Deportes, do 23/07/2020, de proposta de Alcaldía, de data 22/07/2020, relativa ás "Bases reguladoras para concesión de axudas municipais de material escolar e comedor para alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Secundaria do Concello de Tui - Curso 2020-2021".

12º.- Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, do 23/07/2020, relativo a proposta de Alcaldía, de data 20/07/2020, de adaptación da normativa tributaria co fin de poder modificar as ordenanzas fiscais municipais.

13º.- Ditame da comisión informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos municipais, do 23/07/2020, relativo a "Moción do Sr. Palacín Rodríguez con RE nº 2020-E-RE-1417 do 23/07/2020, sobre a Estrada PO 404 e a necesaria abordaxe urxente dos tres puntos negros máis graves".

14º.- Mocións de Urxencia.

B) Actividade de control:



Cod. Validación: AKPXDAFLGY9WJMW9CLSXEEQ7E | Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

CONCELLO DE TUI

15º.- Dación de conta de resolucións de Alcaldía do nº 553, do 25/05/2020, ao nº 814, do 23/07/2020.

C) Rogos e preguntas:

16º.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO.-Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, e facendo remisión ás medidas e recomendacións sanitarias sinaladas na parte expositiva.

TERCEIRO.-Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso.”

O que se publica para coñecemento e efectos.

En Tui, o alcalde.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

Cod. Validación: AKPXDAFLGY9WJMW9CLSXEEQ7E | Corrección: https://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4